

Historia de España. Tema 3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica. Pregunta ABAU Nº 9

**A NOVA MONARQUÍA DOS REIS CATÓLICOS**  
**(unión dinástica, reorganización político-administrativa)**

Información libro Baía Edicións: Apartado 1.1. Os Reis Católicos. Unión dinástica. 1.5. Reorganización político-administrativa. Páxinas 80-83.

**Posible resposta:**

**Unión dinástica.** O matrimonio formado por Sabela, raíña da Coroa Castela, e Fernando, rei da Coroa de Aragón, é coñecido como o dos Reis Católicos debido ao título honorífico concedido polo Papa en 1496. No entanto, esta unión matrimonial non significou a unión das dúas Coroas, senón que foi unicamente unha unión dinástica baseada nun vínculo persoal; non se fusionaron os territorios e cada unha das Coroas conservou a súa personalidade, con leis e institucións propias e diferenciadas, manténdose tamén as fronteiras e as aduanas entre elas. Para gobernar os seus reinos acordaron repartirse competencias e administrar conxuntamente os territorios (correxentes, co lema: *tanto monta o rei como a raíña*), así como establecer un único escudo (as frechas de Sabela e o xugo de Fernando). Pero na súa titulación, os Reis Católicos decidiron manter os seus títulos tradicionais coa enumeración de todas as súas posesións, aínda que na Corte real e no exterior foise impondo paulatinamente o título de *reis de España*.

**Reorganización político-administrativa.** Para reforzar a súa autoridade e conseguir un mellor goberno dos seus reinos, os Reis Católicos introduciron modificacións políticas e administrativas entre as que destacan:

-Reforzamento dos Consellos: o Consello Real converteuse no principal órgano asesor e de goberno dos reis. Estaba formado por nobres e letrados organizados en comités específicos (política exterior, xustiza, facenda...) Ademais, crearon o Consello da Inquisición (1483), o Consello das Ordes Militares (1489) e o Consello de Aragón (1494).

-Extensión dos vicerreis naqueles territorios que, como a Coroa de Aragón e Navarra, tiñan organismos e leis específicas. Para Galicia crearon o cargo de Gobernador con poderes similares aos do vicerrei.

-Reforma da xustiza: creación de novas Chancelerías (Valladolid e Granada) e Audiencias (Galicia e Sevilla), tribunais permanentes que exercían a súa xurisdición sobre un territorio delimitado.

-Imposición dos corrixidores nas cidades de reguengo de Castela. Actuaban como representantes dos reis e estaban encargados da orde pública, de impartir xustiza e de supervisar a vida municipal.

-Incremento da burocracia e formación dun exército permanente baseado nos terzos ♦ que se crearon e empregaron no dominio de Italia (*terzos vellos*).

-As Cortes (diferenciadas para Castela, Aragón, Cataluña, Valencia e Navarra) mantiveron as súas funcións básicas (aprobación de leis, a proposta dos reis, e recadación de impostos).

Historia de España. Tema 3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica. Pregunta ABAU Nº 10

### A CONFIGURACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL NO SÉCULO XVI

(a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión en Flandres, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra)

Información libro Baía Edicións: Apartado 2.1. A Monarquía hispánica. 2.2. Carlos I e o Imperio universal. 2.3. A Monarquía católica de Felipe II. Páxinas 89, 95, 96, 100-103.

Posible resposta:

**A herdanza de Carlos I.** Entre 1515-19, Carlos de Habsburgo recibiu como herdanzas dos seus pais (Xoana a Tola e Filipe o Fermoso) e avós (Reis Católicos e reis da Casa de Austria e de Borgoña) numerosos territorios espallados por Europa (Coroa de Castela, Coroa de Aragón, condados e ducados de Austria e Flandres...) e por América. Ademais, en 1519 foi elixido emperador do Sacro Imperio Xermánico (co nome de Carlos V como emperador). Este enorme conxunto de territorios sufriría diferentes modificacións ao longo do tempo, pero subsistiu no seu núcleo principal ata 1700, cando faleceu sen descendencia o derradeiro dos Austrias españois, Carlos II.

**Os cambios en tempos de Filipe II.** Entre 1555-56, Carlos I abdicou deixando ao seu fillo Filipe II a maior parte dos seus reinos, agás os territorios austríacos. Durante o seu reinado a herdanza recibida foi aumentada e sufriu modificacións, sostendo numerosas guerras para manter a súa hexemonía en Europa. Entre os acontecementos destacan:

**-Rebelión en Flandres.** Flandres era unha das dezasete provincias que conformaban os Países Baixos. No século XVI a doutrina protestantes espallouse por todos eles. A intolerancia católica do rei Filipe II provocou revoltas e motíns contra a súa autoridade. A pesar da acción represiva exercida polo duque de Alba, a rebelión non cedeu. En 1579 as provincias do norte, encabezadas por Holanda, non renunciaron ao protestantismo e lograron sacudirse o dominio español formando as Provincias Unidas baixo o liderado de Guillerme de Orange (Unión de Utrecht) e consolidaron a súa posición grazas ao apoio inglés. Pola contra, nas provincias do sur, o protestantismo foi erradicado manténdose na obediencia católica e baixo a soberanía de Filipe II (Unión de Arras).

**-Incorporación de Portugal.** En 1580 morreu sen descendentes directos o rei de Portugal e Filipe II reclamou o trono por ser fillo dunha princesa portuguesa. Empregando a diplomacia e o exército, conseguiu que en 1581 as Cortes portuguesas o recoñecesen como rei, xurando este manter as súas liberdades e institucións propias. A integración de Portugal significou, ademais da unidade peninsular, a incorporación do seu enorme imperio con posesións en África, Asia e América; naqueles momentos podíase dicir que *nos dominios de Filipe II non se poñía o sol*.

**-Guerra contra Inglaterra.** Motivos relixiosos (cisma anglicano), políticos (apoio aos rebeldes protestantes dos Países Baixos, execución da raíña de Escocia, a católica María Estuardo) e económicos (ataques dos ingleses ás colonias e frotas americanas) decidiron a Filipe II a organizar a invasión e conquista de Inglaterra. Para logralo formou en 1580 a Gran Armada ♦ que debía ir ata os Países Baixos para embarcar alí os terzos españois e asaltar Inglaterra, pero a operación foi un fracaso. Como represalia, os ingleses enviaron unha flota capitaneada por Drake en 1589 que atacou A Coruña, Lisboa e as Azores. O enfrontamento manteríase constante ata a morte de Filipe II.

Historia de España. Tema 3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica. Pregunta ABAU Nº 11

### A CRISE SOCIO-ECONÓMICA DO SÉCULO XVII

(a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da Facenda real)

Información libro Baía Edicións: Apartado 2.1. A Monarquía hispánica. Páxinas 92-95.

Posible resposta:

Fronte á expansión económica do século XVI, o século XVII foi de crise e dificultades para a Monarquía hispánica e especialmente para a coroa de Castela, o seu principal sostén en homes e recursos. Este período de contracción e recesión abarca desde 1580 hasta 1680 e tivo como principais elementos:

**A crise demográfica.** As malas colleitas, as vagas de epidemia de peste e as guerras provocaron que a poboación dos territorios da Monarquía hispánica sufrise estancamento ou regresión, con frecuentes crises de mortalidade catastrófica. En España, a poboación mantívose arredor nuns oito millóns ao longo da centuria, sendo a Coroa de Castela a máis afectada pola caída de poboación. A expulsión dos mouriscos ♦ en 1609 contribuíu ao descenso demográfico, sobre todo na Coroa de Aragón.

**O deterioro da economía.** Ademais da crise agraria asociada ás malas colleitas, todos os sectores artesanais e comerciais se viron afectados, caendo a produción interna e provocando a ruína dos centros artesanais de Castela. As causas foron múltiples: a excesiva alza de prezos provocada pola chegada do ouro e prata americana, a falta de competitividade, a invasión do mercado interno polos produtos estranxeiros, o incremento dos impostos e as alteracións monetarias. O comercio exterior tamén se resentiu. Baseado na exportación de materias primas (en especial a lá) e na importación de manufacturas, o seu déficit pagábase co ouro e a prata procedente de América. A caída da produción interna favoreceu aos comerciantes estranxeiros que coparon os envíos cara a América a través de intermediarios casteláns e se fixeron coas remesas de metais preciosos (a finais do século XVII unicamente o 5% dos produtos enviados ás colonias americanas procedían de la Península).

**Os problemas da Facenda real.** Para facer fronte ao descenso de ingresos (consecuencia da crise económica xeral) e aos inxentes gastos das múltiples guerras, a Coroa recorreu á desvalorización da moeda e a amodar inxentes cantidades de moedas de vellón (alixe de cobre e prata), situación que provocou o aumento da inflación e agravou as dificultades económicas. Ademais, a imposibilidade de devolver os préstamos realizados polos banqueiros provocou a declaración de numerosas bancarrotas da Facenda real que lastraron a Facenda real.

A crise económica xeral e o esgotamento dos recursos fixeron que a Monarquía hispánica perdesse, a partir de 1640, o seu papel hexemónico en Europa, pero non impediron que se desenvolvese o Século de Ouro da cultura española. A sociedade española do século XVII caracterizouse polo seu inmovilismo social, a polarización e o triunfo dunha mentalidade aristocrática e clerical. A crise económica provocou a ruína da débil clase burguesa urbana que abandonou os negocios e os traballos artesanais, considerados viles, e buscou ennobrecerse; ao mesmo tempo, estendeuse a pobreza e aumentou o número de pobres e vagabundos que vivían da caridade das igrexas.

A partir de 1680 diminuíron as crises de subsistencia e apréciase a recuperación da poboación e da produción agrícola. Ao mesmo tempo, as medidas deflacionarias adoptadas polos gobernos de Carlos II permitiron a estabilización do mercado interno e sentaron as bases para a recuperación económica. Internacionalmente a Monarquía hispánica amósase débil, pero logra resistir, aínda que con perdas, os ataques do rei francés Luís XIV.

Historia de España. Tema 3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica. Pregunta ABAU Nº 12

**O VALIMENTO DO CONDE-DUQUE DE OLIVARES E A CRISE DA MONARQUÍA  
(os proxectos de reforma, as revoltas de Cataluña e Portugal)**

Información libro Baía Edicións: Apartado 2.5. Filipe IV e a loita polo mantemento da hexemonía. Páxinas 107-109.

**Posible resposta:**

En 1621 comezou o reinado de Filipe IV, que nomeou como valido a Gaspar de Guzmán, conde-duque de Olivares. Ambos trataron de manter a hexemonía da Monarquía hispánica no mundo, ameazada especialmente por Holanda e Francia.

**Os proxectos de reforma.** Desde o inicio do seu goberno, o conde-duque de Olivares quería modificar a estrutura política da Monarquía hispánica eliminando os privilexios forais dos seus reinos e impoñendo en todos eles as leis de Castela, as máis favorables para o poder real. Para conseguilo, poderían empregarse todo tipo de medidas, incluída a guerra. O proxecto da Unión de Armas de 1625 establecía un reparto da carga militar e fiscal entre todos os reinos (ata entón só recaían as cargas sobre Castela) e a creación dun exército permanente de 140.000 homes, repartidos entre os distintos reinos de acordo coa súa poboación e riqueza. Esta política impositiva e uniformizadora xerou protestas e alteracións nos diferentes reinos da Monarquía, destacando os de Cataluña e Portugal.

**A revolta de Cataluña.** En 1639 entraron en Cataluña as tropas reais para combater ás tropas francesas que invadiran o Rosellón. O aloxamento das tropas castelás ocasionou tumultos que culminaron coa sublevación dos segadores e a morte do vicerrei, o conde de santa Coloma, en Barcelona (*Corpus de sangue*, 7-6-1640). Tumultos similares producíronse por toda Cataluña. Olivares enviou ao exército para reprimilos e quixo aproveitar a situación para modificar os privilexios forais. Ante a gravidade da situación, a Generalitat catalá, liderada polo deputado Pau Claris, convocou Cortes e asumiu o goberno de Cataluña. As tropas reais ocuparon varias cidades pero fracasaron ante Barcelona. En 1641, a Generalitat solicitou axuda a Francia e proclamou a Luís XIII conde de Barcelona. O conflito alongouse, pero o temor ao dominio francés e as promesas de Filipe IV de respectar os seus privilexios minaron a resistencia dos cataláns. En 1652 as tropas reais entraron en Barcelona e Filipe IV ratificou os privilexios forais de Cataluña.

**A independencia de Portugal.** O descontento portugués foi en aumento ante a política de castellanización de Olivares, a obrigada participación de soldados portugueses no conflito de Cataluña e a perda de parte do seu imperio colonial ante os ataques dos holandeses. Aproveitando a escaseza de tropas pola multiplicidade de fronteiras nas que combatía Filipe IV, unha conspiración nobiliaria conseguiu facerse co poder e proclamar ao duque de Braganza rei de Portugal en 1640. Os varios intentos de reconquistar Portugal fracasaron e España recoñeceu definitivamente a independencia en 1668.

### ECONOMÍA E SOCIEDADE NA GALICIA DOS AUSTRIAS

(a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)

Información libro Baía Edicións: Apartado 4. A Galicia dos Austrias. Páxinas 122-123.

#### Posible resposta:

Durante o reinado dos Austrias, Galicia mantivo unha posición periférica pero estratéxicamente importante por ser un punto vital na ruta marítima cara aos Países Baixos. Os Austrias potenciaron a organización política do vello reino: Capitán Xeneral, Real Audiencia, Xuntas do Reino. Galicia estaba dividida en provincias (sete desde mediados do século XVI: Coruña, Betanzos, Santiago, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui). As Xuntas do Reino de Galicia actuaban, desde 1528, como representación do Reino. En 1622 Galicia recuperou o dereito de ter representación nas Cortes de Castela a cambio da entrega de 100.000 ducados para construír unha escuadra coa que defender as súas costas.

**A agricultura e as súas transformacións.** Ao longo dos séculos XVI e XVII, a economía galega era fundamentalmente agrícola (máis do 80% da poboación vivía en e do campo) e estivo fortemente ligada ás posibilidades produtivas da terra. Ata 1560-80 mantívose o sistema tradicional de produción feudal baseado no cultivo de cereais (trigo e centeo) e no barbeito, que permitiu o crecemento da poboación. A partir desas datas, o desequilibrio entre poboación e recursos favoreceu a aparición das crises de subsistencia, con malas colleitas, fames e pestes, que provocaron a diminución da poboación, sendo especialmente grave o ciclo negativo de 1633-36. Estas dificultades estimularon a transformación do sistema de cultivo. Desde a costa e cara ao interior, foise estendendo o cultivo do millo, produto procedente de América que alterou o sistema de rotacións, diminuíndo o barbeito. Estes cambios permitiron un forte crecemento da produción e da poboación; esta situación contrastaba co panorama negativo do século XVII no resto de Europa.

**A importancia da pesca na Galicia litoral.** A pesca litoral complementaba a dieta alimenticia das poboacións costeiras e a de altura potenciaba a economía grazas ás campañas da pesca do bacallau en Terranova, que permitía a súa venda nos mercados de Castela. Importante tamén foi a salgadura de peixe, especialmente da sardiña, en numerosas instalacións distribuídas ao longo de toda a costa galega.

**A estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía.** A sociedade galega da época era esencialmente rural e as cidades eran moi pequenas, destacando Santiago de Compostela, polas súas funcións relixiosas, A Coruña, sede das institucións de goberno, e Pontevedra, en declive e relacionada coa pesca e salgadura da sardiña. As actividades artesanais e comerciais eran escasas, predominando a autarquía comarcal. Cómpre destacar a produción doméstica de tecidos de liño.

Desde finais do século XV, a alta nobreza galega residía na Corte e varios dos seus membros desempeñaron elevados cargos na administración (vicereis, embaixadores) e vinculáronse coas familias nobiliarias castelás. Membros destacados desta nobreza foron Fernando de Andrade, conde de Vilalba (participante na conquista de Nápoles); Fernando de Castro, conde de Lemos (autor de *El búho gallego* en defensa de Galicia); Gaspar de Zuñiga, conde de Monterrei (que foi vicerrei de México e Perú); Pedro Fernández de Castro, conde de Lemos (vicerrei de Nápoles e presidente dos Consellos de Indias e Italia), e Diego Sarmiento, conde de Gondomar (embaixador en varios reinos europeos).

O absentismo da alta nobreza permitiu o auxe da fidalguía, un grupo que se converteu no dominante en Galicia no século XVII. A súa posición apoiábase no control das rendas agrarias a través do cobro dos foros que gravaban as terras que traballaban os campesiños (foreiros).